



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 354/2016.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 14 de xuño do 2016 o señor Alcalde dicta o Decreto número 346/2016 polo que se convoca a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o día 16 de xuño do 2016.

Segundo. Detéctase un erro na redacción do punto número 41 da orde do día da convocatoria, ao describirse como "*Liquidación do imposto sobre construcións, instalación e obras (I.C.I.O.). Licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na Rúa Costanilla do Carme, nº 7, formulada por don Carlos Domínguez Pérez, expediente 148/2015/LU*", o cal resulta erróneo dado que na proposta da Alcaldía se describe como "*Liquidación da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas (E.L.U.): Licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na rúa Constanilla do Carme, nº 7, formulada por D. Carlos Domínguez Pérez, expediente 148/2015/LU*".

Fundamentos de dereito.

Segundo. Considerando que o artigo 105.2. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recolle que "*las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*".

Terceiro. Considerando as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Correxir o erro cometido no punto 41 da orde do día do Decreto do Alcalde número 346/2016, do 14 de xuño, de tal xeito que,

Onde di:

"41.- *Liquidación do imposto sobre construcións, instalación e obras (I.C.I.O.). Licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na Rúa Costanilla do Carme, nº 7, formulada por don Carlos Domínguez Pérez, expediente 148/2015/LU.*"

Debe dicir:

"41.- *Liquidación da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas (E.L.U.): Licenza municipal de obras de lavado e pintado de fachada de vivenda sita na rúa Constanilla do Carme, nº 7, formulada por D. Carlos Domínguez Pérez, expediente 148/2015/LU*"

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 16 de xuño do 2016

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min
A secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez